

A todo tren

Comprensión lectora

Estación do tren. Son de fondo da cantina coas máquinas comecartos. Escóitase unha voz que anuncia a vindeira saída dun tren.

Voz feminina: Tren rápido con destino a Santiago, próximo a facer a súa entrada en vía 1, plataforma primeira. Este tren fará as súas paradas en Pontevedra e Vilagarcía.

Repítese dúas veces. Sae o xefe de estación con cara asustada e ollos moi abertos. Mira para todos os lados. Bota as mans á cabeza. Desaparece movéndoa.

Sae o portaequipaxes co carriño cheo de maletas, empúrrao como pode, posto que leva un feixe de maletas en ambas as dúas mans. Tamén mira para todos os lados. Descubre un colector de lixo e, apurando o paso e cun risiño retranqueiro, bota as maletas no balde. Volve a mirar para todos os lados e vaise. Entra a señora da limpeza con recollector e vasoira. Recolle uns papeis e vai tiralos no balde do lixo. Descubre as maletas e pega un bote de alegría. Mete o recollector e a vasoira no colector do lixo e saca as maletas, fuxindo con elas. Entra o xefe de estación correndo e berrando, inmediatamente sae.

Xefe de estación: Antón! Antón!

Entra unha vella cunha nena. Consulta o reloxo.

Vella: Onde está o tren, Pilarín?

A nena encolle os ombreiros.

Xefe de estación: Antón! Antón...! Onde está Antón?

Vella: E a min que me pregunta? Quen é Antón?

Xefe de estación: Antón é o maquinista, señora!

A vella encolle os ombreiros e toma a nena dunha man, sentando nun banco encabuxada.

Ana Alfaya: O maquinista Antón, Edicións Xerais, col. Merlín.

1 Escolle: Onde se desenvolven os feitos?

Dentro dun tren.

Na estación de tren.

Nun bar.

2 Contesta: A quen busca o xefe de estación?

A todo tren

3 Emparella os sinónimos dos dous recadros:

vindeiro

encabuxada

balde

pasaxeiro

colector

próximo

viaxeiro

enfadada

4 Busca no texto e escreve:

a) un diminutivo:

b) unha palabra co prefixo re-:

c) dúas palabras compostas:

d) tres nomes propios de lugar.

5 Fíxate nas imaxes e resolve o encrucillado:



6 Marca as personaxes que interveñen neste fragmento teatral?

- maquinista – vello – pasaxeiros – xefe de estación – árbitro

- portaequipaxes – médico – nena - señora da limpeza – voz muller

- Cales deses personaxes aparecen con nome propio?


7 Para onde se dirixe o tren que están agardando os pasaxeiros?

- En que estacións vai parar antes de chegar ao destino?

- Por que parece tan asustado o xefe de estación?

A todo tren

8 Ordena estas viñetas.



9 Reflexiona acerca da actuación do portaequipaxes e da señora da limpeza.

Cres que fixeron ben? Por que?

10 De que tipo de texto se trata

11 Observade este billete e contade que información nos dá:

- a) canto custou:
- b) a que hora sae:
- c) a onde vai:
- d) que asento ten (coche e praza):
- e) a que hora está prevista a chegada:
- f) que día viaxa ?
- g) de onde sae o viaxeiro:

Núm. Billete: 7758900224026		Tarifa ESTRELA tren		
Localizador: M3NN7M				
Salida	OURENSE	26/06/2015	19:30	
Chegada	A CORUÑA	26/06/2015	20:38	
AVANT	09590	Turista		
Coche	3	Praza: 09C		
T.C.: 417*****041		Total: 23,95 €		
Peché do acceso ao tren 2 minutos antes da saída 12:09:57 19/06/2015				
				
Taxa de seguridade, S.Q.V. S.R.C e I.V.E. incluídos				

Elix a a resposta correcta :

- h) En que clase viaxa ?
- i) Hai outros datos no billete?
- j) Que tipo de billete é?